

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Empresa: Economía da empresa				
Materia	Empresa: Economía da empresa			
Código	V03G100V01204			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Piñeiro García, María del Pilar			
Profesorado	Piñeiro García, María del Pilar			
Correo-e	pilar@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Trátase de presentar a empresa como axente económico fundamental, explicando os aspectos básicos da súa xestión e os problemas asociados ao seu goberno. Partindo desta base, identifícanse e defínense as grandes áreas funcionais, profundando nos aspectos específicos da súa xestión e nas problemáticas económicas que se formulan.			

Competencias	
Código	
B4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
C7	Comprender o entorno empresarial
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
D2	Capacidade de traballar en equipo
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar as clases de empresas que existen e as súas principais características.	C7
Comprender a empresa como un sistema formado por subsistemas que se interrelacionan.	C7
Saber aplicar técnicas para realizar unha análise da empresa o do seu entorno.	C7
Identificar e saber aplicar os conceptos fundamentais da administración de empresas.	C7
Identificar e saber aplicar os principais criterios para a toma de decisións nas empresas.	C12
Coñecer os diferentes tipos de decisións de operacións e saber aplicar as principais técnicas para a toma de decisións neste ámbito.	C7 C12
Identificar as principais fontes de financiación da empresa e saber elexir a máis adecuada en cada situación.	C7
Comprender a estructura económico-financeira dunha empresa e o principio de equilibrio económico-financeiro.	C7
Identificar e saber aplicar os criterios de selección de inversións para avaliar as alternativas de inversión dunha empresa.	C12
Identificar os conceptos de marketing e dirección de marketing, ser capaz de definir o mercado da empresa e a situación de dito mercado.	C7 C12
Identificar as variables do marketing-mix e saber utilizalas para a adopción de decisións comerciais eficientes.	C12
Mellorar a capacidade de traballar en equipo.	D2

Mellorar as habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas.			D5
Mellorar a actitude crítica e autocrítica.			D7
Mellorar o autocontrol no sistema de traballo, en canto ao tempo e a planificación.	B4		
Mellorar as habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido.		C8	

Contidos	
Tema	
Tema 1. A empresa e o empresario	1.1. Concepto de empresa 1.2. A figura de empresario/a 1.3. Clases de empresas 1.4. Obxectivos da empresa 1.5. A empresa como sistema: principais subsistemas empresariais 1.6. O contorno da empresa
Tema 2. Principios básicos da administración de empresas	2.1. Introdución á administración de empresas 2.2. A planificación empresarial 2.3. A organización da empresa 2.4. A integración do persoal 2.5. A dirección dos recursos humanos 2.6. Sistemas e procesos de control
Tema 3. A toma de decisións na empresa	3.1. O proceso de toma de decisións 3.2. Tipos de decisións 3.3. Situacións de certeza, risco e incerteza 3.4. A matriz de decisión 3.5. Métodos e criterios para a toma de decisións 3.6. Decisións secuencias e árbores de decisión
Tema 4. A dirección de operacións	4.1. Introdución 4.2. Concepto e obxectivos da dirección de operacións 4.3. O proceso de planificación, programación e control da produción: principais decisións estratéxicas e tácticas 4.4. O punto morto da empresa 4.5. A xestión dos inventarios de demanda dependente e independente 4.6. Planificación, programación e control de proxectos
Tema 5. A dirección financeira	5.1. Introdución 5.2. O patrimonio e o balance da empresa 5.3. As fontes financeiras da empresa 5.4. A estrutura económico-financeira da empresa 5.5. Principio de equilibrio económico-financeiro: o fondo de rotación 5.6. Os ciclos de actividade da empresa e o período medio de maduración 5.7. Análise da situación económica e financeira mediante ratios 5.8. Criterios de valoración e selección de inversións
Tema 6. A dirección comercial	6.1. Introdución 6.2. Concepto de mercadoctenia e dirección de mercadoctenia 6.3. Definición do mercado da empresa 6.4. Análise da situación do mercado da empresa 6.5. Estratexias comerciais: a mercadoctenia mix

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Flipped Learning	29	20	49
Resolución de problemas de forma autónoma	20	30	50
Cartafol/dossier	0	44	44
Exame de preguntas obxectivas	0	3	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas para contactar e reunir información sobre o alumnado, así como para presentar a materia.
Flipped Learning	Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fóra da aula, e coa presenza da docente se facilitará e potenciará outros procesos de adquisición e practica de coñecementos.

Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver de forma autónoma a súa análise e resolución. Parte da resolución dos problemas realizarase de forma presencial nas prácticas.
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros na materia. A recompilación incluirá os traballos e probas que determine a docente e serán subidos á plataforma MOOVI no tempo e forma que se determinen.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.
Flipped Learning	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.
Cartafol/dossier	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros na materia. A recompilación incluirá os traballos e probas que determine a docente e serán subidos á plataforma MOOVI no tempo e forma que se determinen. O cartafol/dossier debe estar completo para ser evaluado. Non será avaliado no caso de que esté incompleto ou se detecte calquera tipo de plaxio.	30	B4	C7 C8 C12	D2 D5 D7
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). O/a estudante selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Correspóndese cos cuestionarios que se realizan ao longo do curso en MOOVI.	30	B4	C7 C8	D7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o/a estudante debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo e condicións establecidos polo profesorado, aplicando os coñecementos que adquiriu. É parte do exame final.	20		C7 C12	D5 D7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Cada estudante debe responder de maneira directa e breve en función dos coñecementos que teña sobre a materia. É parte do exame final.	20		C7 C8 C12	D5 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación nas convocatorias ORDINARIA E EXTRAORDINARIA consta de dúas alternativas.

1. Avaliación CONTINUA. Está formada por:

- Cartafol (MOOVI) - 30% - Debe incluir todas as actividades para ser avaliado. - Cuestionarios (MOOVI) - 30% - Deben realizarse todos os cuestionarios para ser avaliado. - Exame final (Presencial) - 40%

2. Avaliación NON CONTINUA :

- Exame final (100%). Este exame será diferente ao realizado baixo a opción de Avaliación CONTINUA.

IMPORTANTE:

- A elección por parte do alumnado dunha das alternativas deberá facerse no plazo establecido pola responsable da materia, que se comunicará en MOOVI.
- No caso da avaliación continua, o cartafol/dossier e os cuestionarios realizaranse antes do exame final da convocatoria ordinaria, nos prazos nos que estableza a responsable da materia. No caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, na convocatoria extraordinaria o alumnado pode presentarse ó exame de avaliación continua pero non poderá reelaborar o cartafol/dossier nin realizar de novo os cuestionarios. Tamén poderá, se o desexa, cambiar a modalidade de avaliación a non continua na convocatoria extraordinaria.

- No caso de participar nalgunha proba intermedia de avaliación continua e non presentarse ao exame final, a nota final da materia será a nota dos cuestionarios e o cartafiol/dossier.
- No caso de avaliación continua, de detectarse PLAXIO nalgunha das probas intermedias, o sistema de avaliación pasará a ser o de non continua.
- No sistema de avaliación da convocatoria DE FIN DE CARREIRA o exame final suporá o 100% da calificación.
- As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da Facultade: http://fccee.uvigo.es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

PIÑEIRO GARCÍA, T.; ARÉVALO TOMÉ, R.; CABALLERO FERNÁNDEZ, G. e GARCÍA-PINTOS ESCUDER, A., **Introducción a la economía de la empresa. Un enfoque teórico-práctico**, 2009,

Bibliografía Complementaria

BUENO CAMPOS, E., **Curso básico de economía de la empresa: un enfoque de organización**, 2002,

CRESPO FRANCO, T. e PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, programación e control, Exercicios resoltos**, 2005,

MAYNAR MARIÑO, P.; BAÑEGIL PALACIOS, T.M. e GALERA CASQUET, C., **La economía de la empresa en el espacio europeo de educación superior**, 2008,

CRESPO FRANCO, T. e PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, programación e control**, 2005 (2ª edición),

DÍEZ DE CASTRO, E e REDONDO LÓPEZ, C., **Administración de empresas**, 1999,

FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, E.; JUNQUERA CIMADEVILLA, B. e DEL BRÍO GONZÁLEZ, J.A., **Iniciación a los negocios para ingenieros. Aspectos funcionales**, 2008,

GIL ESTALLO, M.A. e GINER DE LA FUENTE, F. E., **Cómo crear y hacer funcionar una empresa**, 2007 (7º edición),

JIMÉNEZ CABALLERO, J.L.; PÉREZ LÓPEZ, C. e DE LA TORRE GALLEGOS, A., **Dirección financiera de la empresa. Teoría y práctica**, 2007,

KRAJEWSKI, L.J. e RITZMAN, L.P., **Administración de operaciones. Estrategia y análisis**, 2000 (5ª edición),

KOONTZ, H. e WEIHRICH, H., **Administración: una perspectiva global**, 2004,

PÉREZ GOROSTEGUI, E., **Introducción a la economía de la empresa**, 2002,

SUÁREZ SUÁREZ, A.S., **Curso de economía de la empresa**, 1996,

Recomendacións

Outros comentarios